

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan nacional de formación e inserción profesional.*

O anexo do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan nacional de formación e inserción profesional, queda redactado nos seguintes termos:

## «ANEXO

**Relación de centros nacionais de formación profesional ocupacional**

Provincia	Centro nacional	Área formativa
Alacant.	Alicante.	Servizos ás empresas: seguros e finanzas.
Almería.	Almería.	Agraria: horticoltura.
Asturias.	Oviedo.	Industria pesada e construcións metálicas.
Asturias.	Sama de Langreo.	Minaría e primeiras transformacións.
Badajoz.	Don Benito.	Agraria: cultivos extensivos e fruticultura.
Barcelona.	L'Hospitalet de Llobregat.	Industrias téxtiles e pel e coiro. Industrias gráficas. Servizos ás empresas: deseño.
Barcelona.	Sant Feliu de Llobregat.	Industrias de fabricación de equipamentos mecánicos, eléctricos e electrónicos.
Ciudad Real.	Ciudad Real.	Artesanía. Industrias alimentarias: enoloxía.
Coruña, A.	Santiago de Compostela.	Forestal.
Guadalajara.	Guadalajara.	Produción, transformación e distribución de enerxía e auga.
Guipúzcoa.	Lasarte-Oria.	Transporte e comunicacións: transporte terrestre. Servizos ás empresas: control de calidade industrial.
Huesca.	Huesca.	Servizos á comunidade e persoais.
Madrid.	Getafe.	Centro Experimental en Tecnoloxías Avanzadas. Servizos ás empresas: informática.
Madrid.	Moratalaz.	Montaxe e instalación: frío e climatización.

Provincia	Centro nacional	Área formativa
Madrid.	Santamarca.	Información e manifestacións artísticas. Sanidade. Comercio: idiomas.
Madrid.	Paracuellos del Jarama.	Edificación e obras públicas. Industrias manufacturais diversas.
Madrid.	Leganés.	Montaxe e instalación: mecánica de fluídos.
Málaga.	Marbella.	Turismo e hostalaría.
Murcia.	Cartagena.	Industrias químicas. Servizos ás empresas: control de calidade.
Navarra.	Imárcoain.	Enerxías renovables.
Palmas, Las.	Las Palmas de Gran Canaria.	Transportes e comunicacións: transporte aéreo e marítimo.
Pontevedra.	Vigo.	Pesca.
Pontevedra.	A Illa de Arousa.	Acuicultura.
Salamanca.	Salamanca.	Industrias alimentarias.
Santa Cruz de Tenerife.	Los Realejos.	Agraria: xardinaría e ornamentais.
Segovia.	El Espinar.	Docencia e investigación.
Sevilla.	Sevilla.	Administración e oficinas. Comercio.
Valencia.	Paterna.	Industrias da madeira e a cortiza.
Valladolid.	Valladolid.	Automoción.
Vizcaya.	Sestao.	Mantemento e reparación.
Zaragoza.	Zaragoza.	Novas tecnoloxías. Información e manifestacións artísticas.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Tráballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**17007** *REAL DECRETO 1974/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen axudas aos operadores do sector lácteo para a adquisición de determinados bens de equipo. («BOE» 238, do 2-10-2004.)*

O Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e rexistro dos axentes, establece-

mentos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, establece a posta en práctica dunha serie de medidas co fin de garantir a trazabilidade do leite.

No mencionado real decreto recóllense unha serie de novas obrigas para os operadores do sector que van desde a inscrición no Rexistro xeral de axentes do sector lácteo e a identificación dos contedores até o mantemento de rexistros actualizados dos movementos asociados ás cisternas, entre outros.

Estas novas exixencias poden supor un incremento dos custos que teñen que soportar os operadores, e en determinados casos é necesario afrontar unha serie de investimentos para poder cumprir co previsto no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro.

Con este real decreto establécense axudas para os operadores que adquiran terminais portátiles para a captura de datos relacionados cos movementos do leite e impresoras portátiles para a emisión dos recibos que deben ser entregados aos produtores no momento da recollida do leite. As axudas consistirán nunha cantidade por unha contía fixa cun máximo de 850 euros. Serán beneficiarios destas axudas os operadores do sector lácteo segundo a definición recollida no artigo 2 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, isto é, as persoas físicas ou xurídicas que posúan leite, vinculado ou non a un centro de recollida ou transformación, con exclusión dos produtores. Estes investimentos, pola súa natureza, non conducen a un incremento da capacidade produtiva.

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación financiará con cargo aos seus orzamentos as axudas previstas neste real decreto, e nas resolucións de concesión da axuda farase constar que os fondos son procedentes dos orzamentos xerais do Estado. Os órganos competentes das comunidades autónomas tramitarán as solicitudes e resolverán a concesión ou denegación da subvención, e, se é o caso, aboarán o pagamento.

Este real decreto dítase de acordo coas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02), publicadas no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» do 1 de febreiro de 2000, e, en especial, co seu punto 13.2, que indica no último parágrafo que as axudas de investimento necesarias para mellorar as instalacións de produción, incluídos os investimentos necesarios para xestionar o sistema de documentación e efectuar controis do proceso e dos produtos, só se poderán conceder de acordo co establecido nos puntos 4.1 e 4.2, segundo proceda.

Este real decreto dítase de acordo co previsto na disposición adicional primeira do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, que establece que, en función das disponibilidades orzamentarias para cada exercicio, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación poderá participar no financiamento da adecuación dos sistemas informáticos dos operadores para o cumprimento do disposto no citado real decreto.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as organizacións e asociacións ou entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de outubro de 2004,

## DISPÓN O:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular unha liña de axuda para facilitar o cumprimento do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexis-

tro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, por parte dos operadores do sector, tal e como se definen no artigo 2 do citado real decreto.

### Artigo 2. *Descrición das axudas.*

1. As axudas consistirán nun pagamento único que se lles aboará aos beneficiarios que realicen e xustifiquen os investimentos subvencionables. O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Considerarase investimento subvencionable a adquisición dos terminais para a captura de datos e das impresoras, necesarios para o cumprimento das exixencias previstas nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 7 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro. En ambos os casos, os terminais e impresoras poden ser portátiles ou estar instalados nas cisternas de recollida. Ademais, tamén en ambos os casos, deben cumprir coas características técnicas previstas no anexo II.

3. Soamente serán subvencionables os investimentos realizados até o 30 de abril de 2005.

### Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas por este real decreto os operadores do sector lácteo definidos segundo o artigo 2 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro.

2. Os operadores deben estar rexistrados no Rexistro xeral de axentes do sector lácteo disposto no artigo 3 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro.

3. Así mesmo, os operadores deberán cumprir as obrigas previstas no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, e deberán utilizar para o transporte do leite cisternas que estean rexistradas de acordo co citado real decreto.

4. Os operadores deberán acreditar a viabilidade económica da empresa.

5. Os operadores deberán comprometerse a non transmitir os elementos obxecto da subvención, nin modificar o uso previsto no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, durante un prazo de dous anos. En caso de incumprimento, o beneficiario deberá proceder ao reintegro da subvención cos correspondentes xuros de demora.

### Artigo 4. *Solicitudes.*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique o domicilio social da empresa, até o 15 de novembro, inclusive, para o ano 2004. Para o exercicio 2005, o período de solicitudes finalizará o 30 de abril de 2005.

2. As solicitudes de axuda deberán conter, polo menos, os datos que figuran no anexo I, e irán acompañadas como mínimo dos documentos e xustificantes que figuran nel.

### Artigo 5. *Tramitación, resolución e pagamento.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas tramitarán as solicitudes presentadas e realizarán os controis administrativos e sobre o terreo.

2. Así mesmo, nun prazo de 15 días a partir da data de finalización de cada período de solicitudes, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación o número de solicitudes de axuda e o seu importe para efectos do disposto no artigo 7.4.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas resolverán a concesión ou denegación das solicitudes de axuda e procederán ao correspondente pagamento.

4. Unha vez efectuados os pagamentos das axudas, cada comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, antes do 30 de setembro de 2005, a relación individualizada dos beneficiarios, con detalle da contía das axudas percibidas por cada un deles.

#### Artigo 6. *Financiamento das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará as axudas previstas neste real decreto con cargo aos seus orzamentos.

2. Nas resolucións de concesión de axuda farase constar expresamente o importe sufragado cos fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado.

3. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizarase de acordo co artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 2 de setembro.

#### Artigo 7. *Compatibilidade e contía das axudas.*

1. As axudas previstas neste real decreto son compatibles con aquelas que estableza co mesmo obxecto, se é o caso, calquera outra Administración, sempre que se respecten os niveis máximos de axuda dos investimentos previstos no punto 2.

2. O nivel de axuda para os investimentos previstos neste real decreto non poderá superar o 50 por cento dos investimentos subvencionables, en rexións do Obxectivo 1, nin o 40 por cento nas demais rexións. Enténdese por rexións do Obxectivo 1 as definidas nos artigos 3 e 6 do Regulamento (CE) n. 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os Fondos Estruturais.

3. En todo caso, a axuda máxima estatal para a compra dos equipos previstos no artigo 2.2 por cada cisterna será de 850 euros.

4. Cando o importe das solicitudes de axuda exceda a dotación dispoñible no crédito correspondente dos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas.

#### Disposición adicional única. *Compatibilidade das axudas co mercado común.*

A eficacia das resolucións de concesión das axudas reguladas neste real decreto quedará condicionada á decisión positiva sobre compatibilidade co mercado común por parte do órgano competente da Comisión Europea, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Este extremo deberase facer constar na resolución de concesión da axuda.

#### Disposición derradeira primeira. *Normativa aplicable.*

En todo o previsto neste real decreto, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Disposición derradeira segunda. *Título competencial e carácter básico.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13. da Constitución, que lle atribúe ao Estado

a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

#### Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as disposicións e medidas necesarias para o cumprimento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modificar as datas establecidas nel.

#### Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

### ANEXO I

#### Contido e documentación mínimos das solicitudes de axuda para a adquisición de determinados bens de equipo

1. O contido mínimo das solicitudes de axuda será:
  - a) Nome ou razón social da empresa solicitante.
  - b) Número de NIF ou CIF da empresa solicitante.
  - c) Código de identificación asignado segundo o artigo 5 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, á cisterna ou cisternas para as que se vai utilizar o equipo adquirido.
  - d) Marca, modelo e número de serie asignado polo fabricante de cada un dos bens de equipo adquiridos.
  - e) Importe pagado por cada un dos bens de equipo adquiridos.
2. A documentación mínima que se debe xuntar ás solicitudes de axuda será:
  - a) Fotocopia do NIF ou CIF do solicitante.
  - b) Xustificante de estar dado de alta no Rexistro xeral de axentes do sector lácteo. Para tal efecto, admitirase como xustificante a comunicación que a autoridade competente realice de acordo co disposto no artigo 6 do Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro.
  - c) As facturas xustificativas dos investimentos, as cales deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe aos empresarios e profesionais.
  - d) Xustificación da viabilidade económica da empresa.
3. Os compromisos que se asumen na solicitude son:
  - a) Comunicar, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas de calquera Administración que teñan o mesmo obxecto que o previsto neste real decreto.
  - b) Manter a propiedade e o uso previsto dos elementos obxecto da subvención durante un prazo mínimo de dous anos.

### ANEXO II

#### Características técnicas que deben cumprir os terminais portátiles para a captura de datos e impresoras portátiles

1. Selaxe: para avaliar o grao de resistencia dos terminais utilizarase o índice IP (Ingress Protection) recollido na norma UNE 20324/1M:2000 e a UNE 20324:1993, así

como pola IEC (International Electrotechnical Comision) 60529. No caso das impresoras portátiles, non se utiliza este estándar, pero si deberán presentar un deseño que resista o manexo e as condicións ambientais duras.

Requisitos mínimos do terminal: IP 54 mínimo. En caso de non posuír clasificación IP, o fabricante ou distribuidor deberá garantir a selaxe fronte a po e fronte á auga pulverizada desde calquera dirección cara ao terminal.

Requisitos óptimos da impresora: resistencia fronte a condicións ambientais adversas.

2. Resistencia a caídas: altura desde a que pode caer o aparello sen sufrir ningún dano.

Requisitos mínimos do terminal: dun metro mínimo.

Requisitos mínimos da impresora: dun metro mínimo.

3. Autonomía e batería:

Requisitos mínimos do terminal: autonomía, un mínimo de seis horas.

Batería: 1200 mAh.

Requisitos mínimos da impresora: autonomía, un mínimo de seis horas.

Batería: 1200 mAh.

4. Memoria:

Requisitos mínimos do terminal con sistema operativo sen contorno gráfico: a memoria mínima RAM será de 640 KB.

Requisitos mínimos do terminal con sistema operativo con contorno gráfico: a memoria mínima RAM será de 32 MB.

5. Comunicacóns:

Requisitos mínimos do terminal: porto IrDa para comunicarse coas impresoras e porto serie para comunicarse co berce de descarga de datos. (Se a impresora está integrada no aparello, non é necesario o porto IrDa).

Requisitos mínimos da impresora: porto IrDa para comunicarse co terminal portátil.

6. Teclado:

Requisitos mínimos do terminal: teclas numéricas e teclas de función. Se se trata de pantallas táctiles, deben poder reproducir un teclado completo e un teclado numérico, ou ben ofrecer a posibilidade de recoñecemento de caracteres.

7. Autoapagado:

Requisitos mínimos do terminal: autoapagado para aforro de batería.

Requisitos mínimos da impresora: autoapagado para aforro de batería.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17096** *ORDE PRE/3159/2004, do 28 de setembro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (métodos de ensaio de colorantes azoicos).* («BOE» 240, do 5-10-2004.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos

e ditouse con base na normativa da Unión Europea que regula esta materia. Esta constitúena a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo, «relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos» e as súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de aumentar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Na parte 1 do anexo I do mencionado Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, recóllese distintos puntos referidos a determinadas substancias ou preparados perigosos, con indicación das limitacións que os afectan. En concreto, o punto 43 (colorantes azoicos) foi incluído no citado anexo pola Orde PRE/730/2003, do 25 de marzo, que incorporou ao dereito interno a Directiva 2002/61/CE; posteriormente, este mesmo punto foi modificado pola Orde PRE/2277/2003, do 4 de agosto, para incorporar as disposicións da Directiva 2003/3/CE.

Por outra parte, a anteriormente mencionada Directiva 2002/61/CE deixou pendente de desenvolver pola Comisión os métodos de ensaio para a valoración dos colorantes azoicos; a este respecto adoptouse recentemente a Directiva 2004/21/CE da Comisión, do 24 de febreiro de 2004, relativa á limitación da comercialización e o uso de colorantes azoicos (décimo terceira adaptación ao progreso técnico da Directiva 76/69/CEE do Consello), que establece a lista dos métodos de ensaio para os colorantes azoicos en coiro e téxtiles.

Esta orde que se dita en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ao noso ordenamento xurídico a citada Directiva 2004/21/CE da Comisión, e na súa elaboración foron consultados os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e das ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Primeiro. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.*—Modifícase o anexo I parte 1 do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de substancias e preparados perigosos da seguinte forma:

1. Substitúese o texto do punto 1 do punto 43 «colorantes azoicos» polo que figura no anexo da presente orde.

2. Inclúese no punto 43 a lista de métodos de ensaio que figura no anexo da presente orde.

Segundo. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 28 de setembro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmo. Sr. Ministro de Industria, Turismo e Comercio e Excmas. Sras. Ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente.